



# *S*alve Mariñeira


Por algunha estraña razón cada vez que escoitamos cantar a "Salve mariñeira" moitas persoas sentimos un arrepío na pel. A curiosidade levounos a coñecer a letra do cantar para ver se nos dicía algo.

Desde os inicios do cristianismo, a Virxe María foi proclamada como "Estrela do Mar" e o seu equivalente *Stella Maris*, de aí que a estrela sexa un elemento da iconografía mariana. No século V era frecuente que, cando algúna expedición mariña tiña unha misión difícil ou arriscada, se puxese baixo a especial protección da Virxe María. Alfonso X *El Sabio*, nunha "cantiga" ordena que "as popas dos buques de certa importancia estean decoradas, formando doselete para gardar a imaxe da Virxe".

Nun primeiro momento foi o nome da Inmaculada o que comezou a facerse popular, sobre todo a partir da época dos descubrimentos. Desde a batalla de Lepanto a Virxe foi invocada baixo o nome de "Virxe do Rosario" polas xentes do mar. O cambio por Virxe do Carme atópase no monte Carmelo, ubicado en Israel, entre Samariá e Galilea, xunto ao mar Mediterráneo. Neste monte viviu o profeta Elías. Os carmelitas habitárono dando culto á Virxe, como xa o fixeran os anacoretas antes. A devoción pola Virxe do Carme foi crecendo, e o papa Sixto V aprobou a súa festa no ano 1587. Nos séculos XVIII, XIX e XX a Virxe do Carme é considerada por todos como a Virxe do Mar, Estrella do Mar e Raíña do Mar.

A "Salve mariñeira" ten a súa orixe na zarzuela "*El Molinero de Subiza*", de Cristóbal Oudrid, compositor de Palencia, do século XIX. A peza foi estreada no Teatro de la Zarzuela, de Madrid, en 1970, e dela sacáronse os versos.

*Salve, Estrella de los Mares.  
Iris de eterna ventura.  
Salve, ¡oh Fénix de hermosura!  
Madre del Divino Amor.  
De tu pueblo a los pesares  
tu clemencia dé consuelo.  
Fervoroso llegue al cielo  
y hasta ti, y hasta ti nuestro clamor.  
Salve. Salve. Estrella de los Mares.  
Si: fervoroso llegue al cielo  
y hasta ti, y hasta ti nuestro clamor.  
Salve. Salve. Estrella de los Mares.  
Estrella de los Mares.  
Salve. Salve. Salve. Salve.*



NUESTRA SEÑORA DEL CARMEN (Escultura de Asorey)

Entre os festexos á patroa dos mariñeiros está a procesión da Virxe do Carme que, saíndo da parroquial, chega ao Porto onde se oficia a Misa Solemne, realizándose ao seu remate a Ofrenda Floral aos Náufragos depositando coroas de flores no mar. A imaxe da patroa dos mariñeiros, que vai nun barco da procesión, regresará despois á igrexa, acompañada polos devotos.

Este acto está a deixar de ser un acto popular e multitudinario por cuestións de "seguridade" e agora xa non é facil atopar un barco no que ir á procesión.

Mais, posiblemente non é a letra en si a que nos estremece senón en quen se pensa mentres se escoita. ¿Ou será o arte de quen a canta a causante de tal efecto?